

PROTOCOLO DE MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CRISE SANITARIA OCACIONADA POLA COVID-19.

BOLERA SUMOAS



CONCELLO DE XOVE
DEPARTAMENTO DE DEPORTES



1. INTRODUCCIÓN:

A publicación no Diario Oficial de Galicia da “Resolución do 12 xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade”, establece no seu punto 3.20. a necesidade de que cada instalación deportiva deberá publicar un protocolo para o coñecemento xeral dos seus usuarios e que contemplará as distintas especificacións en función da tipoloxía de cada instalación que, no seu caso, poida preverse nun protocolo básico aprobado polo Centro de Coordinación Operativa a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte.

Tendo en conta o anterior e unha vez consultado o protocolo base da Federación Galega de Bolo Celta, pasamos a describir as medidas para a práctica do deporte dos Bolos dentro do noso Municipio.

Os bolos é un deporte que se practica ao aire libre, limpo e ecolóxico, en continuo contacto coa natureza. É un deporte no que non hai contacto persoal, pois cada tirada é feita por un só xogador en cada momento, polo que facilmente se pode evitar entrar en contacto cos demais.

Estas medidas reforzan e agréganse ás restricións establecidas polas Autoridades Sanitarias, e deben complementarse coa responsabilidade persoal de cada deportista, controlando o seu propio risco de contaxiar ou ser contaxiado en función do seu estado e circunstancias persoais.

O presente protocolo é vivo e irase actualizando en función da situación epidemiolóxica e das recomendacións das Autoridades.



2. ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA TRAS A SUPERACIÓN DA FASE III

1.1. ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE XOVE:

A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre poderá desenvolverse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e ata un máximo de 25 persoas de forma simultánea.

Nas instalación e centros deportivos poderá realizarse actividade deportiva en grupos de ata 25 persoas, sen contacto físico, e sempre que non superen os 2/3 do aforo máximo permitido.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal (1,5 metros) ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física.

A Resolución de 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade introduce determinadas modificacións con respecto ao uso da máscara. No seu punto 1.3 establece que “será obrigatorio o uso de máscara en todo momento, tanto na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos cerrados de uso público ou que se encontren abertos ao público, a pesar de que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5m. Así mesmo, tamén nos indica que na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas. Como excepción ao uso da máscara: no caso de exercicio de deporte individual ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de 2 metros con outras persoas non conviventes. No caso de actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento, exclusivamente durante a realización de ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para dita instalación.

Nas instalacións deportivas municipais a actividade física e deportiva estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.
- As bolsas, mochilas ou efectos persoais só se poderán deixar nos espazos habilitados para ese fin.
- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.



- Antes de entrar e ao saír do espazo asignado, deberán limparse as mans cos hidroxeles que deberán estar dispoñibles nos espazos habilitados para o efecto.
- Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersonal nas instalacións ou, no seu defecto, utilizar máscara.
- O uso da máscara seguirá os termos previstos na Resolución do 17 de xullo de 2020 no seu apartado 1.3.
- Ademais do cumprimento xeral das medidas de hixiene e prevención establecidas, no caso de que nas instalacións se preste algún tipo de servizo de hostalaría e restauración, a prestación deste axustarase ao previsto nas condicións para a prestación do servizo nos establecementos de hostalaría e restauración.

1.2. PRÁCTICA DA ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA DE COMPETENCIA AUTONÓMICA:

A práctica da actividade deportiva federada de competencia autonómica poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, e ata un máximo de 25 persoas de forma simultánea incluído o técnico, e sempre que non se supere os 2/3 da capacidade máxima permitida no caso dos adestramentos. Non se aplicará este límite nas competicións onde as regras federativas garantan espazos diferenciados para cada equipo.

Sempre que sexa posible, durante a práctica da actividade deportiva deberá manterse a distancia de 1,5m de seguridade interpersonal. Para estes efectos, para a realización de adestramentos e a celebración de competicións, as federacións deportivas galegas deberán dispor dun protocolo, que será aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.

O dito protocolo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e deberá publicarse na páxina web da federación deportiva.



1.3. CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS:

A organización de eventos deportivos contemplados no artigo 22 da Lei 3/2012, de 2 abril, do deporte de Galicia, axustarase aos requisitos establecidos pola normativa sectorial en vigor e polas normas que, no seu caso, sexan aprobadas polas autoridades competentes.

Os organizadores de eventos deportivos deberán contar cun protocolo específico no ámbito do COVID-19, que será trasladado á autoridade competente e que deberá ser comunicado aos seus participantes. Deberán contemplarse en dito protocolo as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal con e entre os espectadores ou, no seu defecto, a utilización de medidas alternativas de protección física con uso de máscaras por parte destes.

1.4. ASISTENCIA DE PÚBLICO EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS:

Sen prexuízo das competencias atribuídas no artigo 15.2 do Real Decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e do establecido no apartado anterior:

- No caso de adestramentos, competicións ou eventos que se celebren en instalacións deportivas poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado.
- O aforo máximo será do 75% do aforo permitido, cun límite máximo de 300 persoas para lugares cerrados e de 1000 persoas en actividades ao aire libre. Sempre que se poida garantir a debida distancia interpersoal de 1,5m, en caso contrario, utilizarase máscara. A resolución do 27 de xullo de 2020 indica que o uso de máscara será obrigatorio a pesar de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos no apartado 1.3 de dita resolución.

3. CRITERIOS PARA SOLICITAR O USO DA INSTALACIÓN:

- Presentación dunha solicitude previa para a súa aprobación por parte da autoridade competente. Esta solicitude poderá descargarse da páxina web do concello ou ven recollela no rexistro de entrada do concello en horario de 9:00h a 14:00h.
- Dita solicitude deberá entregarse con tempo suficiente para a súa aprobación (mínimo 24 horas). A forma de entrega será unha das seguintes:
 - Vía telemática
 - Envío ao correo carolina@xove.es



- Presentación no Rexistro de entrada do Concello de Xove (horario de 9:00 a 14:00)
- Posteriormente recibírase unha notificación coa decisión tomada.
- Os días e horarios serán rigorosos para poder organizar e proceder á desinfección diaria da instalación.

4. NORMAS XERAIS DE USO DA INSTALACIÓN:

A Bolera Municipal do Centro Social de Sumoas estará suxeita aos seguintes criterios xerais de uso:

- Establecerase como medidas fundamentais a separación interpersoal de 1,5m.
- En canto ao uso de máscara seguirase o previsto na Resolución do 27 de xullo de 2020: “será obrigatorio o uso de máscara en todo momento, tanto na vía pública e en espazos ao aire libre como cando se estea en espazos cerrados de uso público ou que se encontren abertos ao público, a pesar de que se poida manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5m. Así mesmo, tamén nos indica que na realización de adestramentos e na celebración de competicións dentro da actividade deportiva federada de competencia autonómica, aplicarase, respecto ao uso da máscara, o recollido especificamente no protocolo das federacións deportivas respectivas. Como excepción ao uso da máscara: no caso de exercicio de deporte individual ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva e sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento da distancia de 2 metros con outras persoas non conviventes. No caso de actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento, exclusivamente durante a realización de ditas actividades e tendo en conta o protocolo publicado para dita instalación”.
- Hixiene de mans constante.
- Aforo máximo de 25 persoas de forma simultánea.
- Todos os usuarios deberán traer consigo a súa propia máscara e o seu propio xel hidroalcohólico.
- As mochilas ou efectos persoais, ao tratarse dun espazo aberto deberán ser custodiadas polos usuarios.
- Con carácter xeral, non se compartirá ningún material. Se isto non fose posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado.



- Calquera material utilizado para o adestramento/actividade deportiva, terá que ser obrigatoriamente desinfectado tras cada sesión.
- Os deportistas non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e refugallo.
- Ao finalizar a actividade, os elementos deportivos haberá que limpalos cos produtos desinfectantes existentes obrigatoriamente.
- En canto a asistencia de público: deberá permanecer sentado e coa máscara posta, tal e como indica o Resolución do 27 de xullo de 2020. No caso das bancadas o aforo máximo será de 10 persoas.
- Colocarase carteis explicativos das medidas en todos os puntos visibles da instalación.
- Deberán dispoñerse de papeleiras en cada estancia que se baleirarán a diario.
- No caso de que algún usuario ou persoal presente síntomas de COVID-19 illaráselle nunha zona afastada e poñeráselle unha máscara cirúrxica, no caso de non tela, e alertarase ao SERGAS. Despois desinfectarase toda a instalación.

Así, mesmo estarase ao disposto en cada momento polas autoridades competentes.

5. LIMPEZA, HIXIENE E DESINFECCIÓN:

- Colocación de carteis en lugar visible na instalación para informar e lembrar aos usuarios a obrigación de cumprir as medidas de hixiene e protección establecidas pola autoridade sanitaria contra a Covid-19.
- Reforzar e intensificar os servizos de limpeza das instalacións, especialmente despois de cada quenda de uso dos deportistas, garantindo unha limpeza e desinfección permanente das instalación durante o período de apertura ao público.
- Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado e que foron autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso dese produto respectarase as indicacións da etiqueta.
- Instalación de estacións de limpeza e desinfección (pulverizador desinfectante) para facilitar a limpeza e desinfección do equipamento, material, bancadas..., por parte dos usuarios, antes e despois de cada uso, complementando ao servizo de limpeza.

